

Outorgado o rexistro
"Pan do Porriño"

Páxina V

Rematan as obras
de reforma na Praza
de Abastos de
Salceda de Caselas

Páxina VI

Programa do verán
cultural de Salceda

Páxina VII

Tui xa ten a súa propia
Guía Turística da
Red de Juderías

Páxina X

A Xunta rexeita
executar o acceso sur
ao porto da Guarda

Páxina XII

Actividades de verán en
Arbo, A Cañiza e Covelo



Tui recibirá máis de 300 mil euros para converter o cárcere vello nun centro de acollida de peregrinos e visitantes

páxina X



OPINIÓN

Por Manuel Estévez

O Berbés, na pintura do inolvidable artista Ánxel Lemos

Ánxel Lemos e o fillo Xavier, colgaron os seus cadros no Centro Sportivo de Ponteareas, nunha exposición colectiva.

S oñaba con ser actor. Con 14 anos na compañía de Ramonet e catro patacóns no bolso, procedentes da Rondalla, subiron ao tren en Redondela, con destino a París coa finalidade de visitar Museos. En León apearonse para iniciar a ruta cultural, non tardando en ser descubertos pola policía, cando estaban disfrutando dunha actividade teatral ao ar libre, mais como eran bos rapaces, deixaron que rematase a función e regresaron sen escolta. Ao chegar a Vila dos Viaductos, outra sorpresa, pois na Estación estaba todo pobo agardandoos con grande recibimento.

"Tambien tenemos artistas en esta ciudad, en esta ciudad/ Que eran turistas/ Y ahora están de vuelta en el miedo".

Aos 17 anos embarcou en Vigo como polizón rumbo a América. Foi detido en Portugal e de novo tivo que voltar a cidade da oliveira.

Reclutado no bando franquista, no inicio da guerra civil, en Toledo, logrou desprazarse ao exército republicano e dos campos da contienda pasa a tres de concentración, dos que logra fuxir nun camión.

Padeceu difíciles momentos escondido durante un tempo ata entregarse en Ferrol. Preso durante tres anos, no Castelo de San Felipe, adicándose a orfebrería e talla de madeira, sendo desa época, unha peza da Virxe do Carmo.

Cuando se viu libre, incorpórase como modelista a empresa Sancy. En 1947 realiza en Vigo a primeira exposición, obtendo dúas medallas de ouro en certames de gravado e pintura, respectivamente.

No ano 1950 camiña ata a zona portuaria da cidade onde chegara ao mundo e morada, entrou nun barco como polizón con destino a América.

En Bos Aires logra establecerse, non



regresando ata a morte de Franco.

A volta, asentouse por un tempo nas Illas Baleares, Palma de Mallorca en 1977, a caron do fillo pintor Xavier Lemos. Traballa para un marchante, realiza unha mostra na Galería 19, a única no arquipélago e ilustra a historia balear con debuxos a pluma.

En 1986 fixa residencia en A Estrada. Foi no 1992 cando o cronista coñece a Ánxel Lemos, a poucos metros do Monte de A Guía, no estudio onde se instalara o fillo ao regresar tamén do Mediterráneo.

Na cidade de Vigo, alen de compartir exposicións en diversas salas, BBV, Xentes, El Rincón de los Artistas ou mesmo no Sportivo de Ponteareas, uns e outros participamos en conversas con Laxeiro, o tallista Sesé Fernández de Redondela, entre personaxes da súa época ou faladoiros na

súa casa en terras dezáns ao carón de Viviana Geddo, muller, musa e outros locais, tanto en A Estrada como Santiago de Compostela, onde deixou a súa pegada artística en azulexos nunha importante ofebreira ao carón da Catedral.

O último cadro que lle vin pintar, foi aquel nos que aparecíamos todos os seus amigos reunidos no Café Xentes na Rúa do Areal, quedando moitas obras en coleccións particulares, entre elas "O Berbes de Vigo", un tema recursivo doutros creadores plásticos, entre eles o asturiano Juan Martínez Abades, obra que hoxe pertence a colección Thyssen. Igoalmente, Serafín Avendaño; Ernesto Bao; Urbano Lugris ou Luis Torras que continua pintando, non moi lonxe dos Cabalos de Oliveira na Praza de España aos 108 de idade.

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Esta Euro 2021

N este espazo non vou falar da labiríntica política española, hoxe en día concentrada no tema dos indultos e da posibilidade de "resetear" o soberanismo catalán. Voume enfocar noutro tema de atención e actualidade, o torneo futbolístico europeo, a Eurocopa 2020 que, polos estragos da pandemia, tense que celebrar neste 2021 das vacinas. E o fútbol, deporte de masas por excelencia, non escapa das inercias políticas.

En primeiro lugar, e en termos estritamente futbolísticos, debe salientarse a enorme igualdade competitiva deste torneo. Seleccións favoritas e historicamente poderosas como Francia (actual campeona do mundo), Alemaña, Bélxica, Holanda ou Portugal (actual campeona de Europa) quedaron fora da Euro na rolda de eliminatorias. Outras como España, Italia e Inglaterra buscan recuperar o terreo futbolisticamente perdido, toda vez vemos outsiders que ningún agardaban chegaran tan lonxe como Dinamarca, Ucraína, Suíza e República Checa. Por tanto, os modestos superaron aos millonarios Cristiano Ronaldo,

Pogba, Hazard, De Bruyne, Kroos ou Griezmann, entre outros.

Por outra banda, o regreso do público aos estadios xa anuncia o mundo post-pandemia. Era evidente que esta Euro ía ser o termómetro experimental para calibrar o regreso da afición ás gradás, esencia propia do mercado futbolístico. Sen afición, o fútbol non é o mesmo. Incluso observamos partidos con estadios completamente cheos, como foi o caso dun Hungría-Francia con 60.000 espectadores en Budapest, cuxo goberno de Viktor Orban mantén unha política de escepticismo sobre a pandemia. Unha realidade sumamente diferente á de, por exemplo, a Copa América que simultaneamente se celebra en Brasil, sen público nas gradás no país con maiores mortes pola pandemia a nivel hemisférico.

Outro aspecto relevante desta Euro ten



que ver coa visibilización de temas transversais que cada vez máis ocupan a atención do espazo político, como son o combate contra o racismo e a visibilización dos dereitos LGTBi, por poñer dous exemplos.

Dende fai tempo, as seleccións europeas nótrense de inmigrantes xa nados neses países, nun espectáculo multirracial sumamente positivo. Unhas décadas atrás,

alguén agardaba ver xogadores alemáns, belgas, franceses, suízos, ingleses con nomes orixinarios de África, países árabes, balcánicos ou turcos? Desde fai tempo, as grandes competicións internacionais veñen amosando a realidade dunha sociedade multicultural e multirracial. E a UEFA e a FIFA dan conta desta realidade a través de múltiples campañas contra o racismo que, por certo, nalgúns casos, non desaparece dos estadios nin dos clubes.

O mesmo pódese dicir do tema LGTBi.

Vimos nesta Euro que nun Inglaterra-Alemaña de octavos de final, ámbolos dous capitáns, o inglés Harry Kane e o alemá Manuel Neuer loceron nos seus brazaletes de capitán as cores da bandeira multicolor, en claro respecto pola diversidade sexual. Ben é certo que ese partido coincidiu co Día do Orgullo (28 de xuño), pero esta visibilización ten unha importancia simbólica, precisamente nun deporte tan viril como é o fútbol. Incluso cando o xa mencionado Orban, como o ruso Vladimir Putin, manteñen campañas propagandísticas de tinte homófobo.

Imos entón cara a "democratización" do mundo do fútbol? É quizais prematuro aseguralo. O que é certo é que os mass media e as grandes corporacións e multinacionais saben de sobra dos beneficios económicos que pode prover un deporte tan mediático como o fútbol. Cada torneo exerce unha atención global sen precedentes, incluso por riba dos Xogos Olímpicos que neste 2021 tamén se celebran en Tokio. E nisto, esta Euro da post-pandemia en tempos de vacina é un exemplo clarificante.



Por Roberto Mansilla Blanco

Miguel Ángel García Correa | Presidente da Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago e da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas

"O Rei felicitounos polo gran proxecto mundial que lidera Ponteareas"

Veciño de Ponteareas, Miguel Ángel García Correa é o Presidente da Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago e da Asociación de Alfombristas do Cor-

pus Christi de Ponteareas. Con el estivo o noso xornal falando da próxima realización da Alfombra Oficial do Xacobeo 2021 e dos proxectos da asociación.



O Rei estivo no I Congreso Xacobeo. Ao parecer quixo coñecer a iniciativa mundial "ALFOMBRA MUNDIAL DO XACOBEO". Que nos pode comentar sobre esta iniciativa?

Fomos convidados a participar neste 1º Congreso Xacobeo, pola Academia Xacobeo. Nela realizouse a "alfombra Mundial do Xacobeo". A Sala Nobre do Pazo Fonseca luciu a Alfombra Mundial do Xacobeo que, deseñada por Miguel Ángel Lagoa Villalobos, alfombrista de Chinchón, e adaptada para a ocasión e realizada por alfombristas de Ponteareas.

A Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago, con sede en Ponteareas, ten como obxectivo principal todas aquelas actividades dirixidas

á difusión, divulgación e promoción do Camiño de Santiago e do patrimonio material e inmaterial vinculado a el. Destacando a riqueza cultural, natural e humana do Camiño.

Desde a Casa Real, coñecedores desta iniciativa, solicitaron, xa antes da chegada do Rei, poder saudar ao presidente da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas. E felicitounos polo gran proxecto mundial que lidera Ponteareas

O próximo 25 de xullo, os alfombristas de Ponteareas ofrecerán ao Rei a Alfombra Oficial do Xacobeo. Como valorades este feito?

Esta alfombra será realizada, a gran tamaño, o 25 de Xullo na Praza da Inmaculada de Santiago

de Compostela. E ese mesmo día, ese mesmo deseño, confeccionarase en lugar emblemático, de cada das 260 cidades repartidas por 30 países dos cinco continentes, integradas na Comisión Xestora de entidades alfombristas do Camiño de Santiago.

Cada colectivo alfombrista realizará ese deseño seguindo a súa propia técnica e estilo, utilizando os materiais que prefiran e creando ese tapiz efémero do tamaño que prefiran. Pero á vez serán distintas, xa que son dúas os motivos que a diferencien cada alfombra; unha o nome da localidade que a realiza e outra, tras unha frecha amarela, a distancia en quilómetros desde cada cidade participante a Santiago de Compostela. O obxectivo é "Facer

todo o mesmo día, a mesma alfombra en cada un dos nosos pobos ou cidades, pero de forma conxunta a escala mundial". Será unha especie de flashmob a escala mundial de arte efémera, no día grande do Apóstolo Santiago.

Non se ofrecerá ningunha alfombra ao Rei, o que se aproveitou foi a ocasión, xa que vai estar en Santiago o 25 de Xullo, para convidalo a que a vexa en gran tamaño. Doutra banda, reiterar a invitación para que veña o próximo ano a Ponteareas o día de Corpus Christi. **Queda algún proxecto pendente por parte da Asociación de Alfombristas?**

En vésperas do Corpus Christi recibimos a noticia de que a Asociación do Corpus Christi de Pon-

teareas foi convidada polo CABILDO DE BURGOS E A FUNDACION VIII CENTENARIO para participar na ofrenda floral a Santa María a Maior o 27 de Xuño. A alfombra reproducirá o rosetón da Porta do Sarmental como homenaxe aos 800 anos do inicio da Catedral. Desde aquí queremos dar as grazas a Ramon Novoa, veciño de Ponteareas e con residencia en Burgos, que foi o noso embaixador xa que sen a súa axuda non fose posible. PONTEAREAS reafirmase unha vez máis como O BERCE DO ALFOMBRISMO ESPAÑOL.

Doutra banda fomos convidados polo Concello de León (dentro do Camiño Francés) para realizar unha alfombra o 2/3 de outubro, con motivo da festa de San Froilán.

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O patriotismo de Alfonso Paz-Andrade

De súpeto morreu Alfonso Paz-Andrade, transitando a contorna dos seus 80 anos, despois de facer moitas cousas boas a prol da lingua, da cultura e da economía deste seu, deste noso País, malia que nos seus últimos anos enfrontase problemas xudiciais que non foron nunca resolvidos a medio dunha sentenza definitiva pola súa morte accidental. Porén, o relatorio definitivo de feitos probados amosou a súa falla de participación na lea da conspiración delitiva do presidente de Pescanova, Manuel Fernández de Sousa Faro. Probábelmente-e vai ser éste a única e razoada crítica ao finado Paz-Andrade neste artigo- Alfonso nunca chegou interiorizar a remuda das regras de xogo entre unha empresa cotizada no mercado de capitais e unha empresa partillada entre distintos socios e grupos familiares

que non cotiza na Bolsa. Non se lle pode referir máis nada.

Mais, sen deixar Pescanova, cómpre lembrar ao Paz-Andrade de 2006, que rexeita a ofensiva de Fernández de Sousa contra o goberno de coalición BNG-PSOE por mor do desaqueado proxecto deste a



respecto da factoría acuícola de Touriñán, logo fracasada na localidade portuguesa de Mira. Custándolle este enfrontamento a súa privilexiada posición na empresa, probábelmente. Ou a súa diplomacia a prol de Pescanova (aquele que non ten nin tiña Fernández de Sousa) para acadar recursos pesqueiros no mundo todo, nomeadamente na África.

Porque co seu sorriso, dende a súa galeguidade, dende a súa cultura local e universal e co seu xorne liberal Alfonso abriu portas para Pescanova. Mais tamén para o noso país, Galicia. Velaí a súa achega de tantos anos á revista Industrias Pesqueras que fundou o seu pai, D. Valentín. E o seu esforzo que definiu a conversión de Vigo como capital galega e europea da pesca á fronte da World Fishing Exhibition.

Trabúcanse os que pensn que Paz-Andrade non desenvolveu proxectos empresariais liderados maioritariamente por él

propio. Velaí a súa empresa Ibercisa Deck Machinery que, como nos lembra o profesor da USC Gonzalo Rodríguez, naceu da expansión da flota pesqueira galega da man de Pescanova, mais que con 25 M€/ano de facturación, é hoxendía unha empresa dirixida aos mercados internacionais líder en maquinaria naval de cuberta. Creada, desenvolvida e dirixida dende Galicia.

Alfonso, ademais, contribuíu con todos os seus esforzos, dende proxectos como as Fundacións Castelao ou Neira Vilas, dende o Museo do Pobo Galego e dende moitos outros lugares a afortalar a nosa cultura e normalizar a nosa lingua.

Un País como Galicia non pode esquecer e ha sempre recoñecer o labor de Alfonso Paz-Andrade, como lembra e recoñece o labor do seu pai, D. Valentín.



PONTEVEDRA

A Deputación achega medio millón de euros ao deporte náutico da provincia

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar a concesión de subvencións por valor de medio millón de euros dirixidas ao deporte náutico da provincia, “no que somos –en palabras da presidenta Carmela Silva– unha grande potencia”. “A nosa aposta polo deporte é incuestionable” subliñou a presidenta, quen explicou que se beneficiarán das achegas 54 clubs de piragüismo, remo e vela de 23 concellos da provincia que poderán cubrir, deste xeito, gastos correntes, federativos (licenzas, mutualidades ou arbitraxes), materiais (vestimenta ou equipamento), sanitarios ou para competicións (desprazamentos, aloxamento ou



manutención), contratación de persoal, alugueiro, formación e organización de eventos.

Do medio millón de euros, tal e como explicou Carmela Silva, 280.000 € irán dirixidos a 27 clubs de piragüismo de 18 concellos, con axudas que van dende os 988 aos 25.351 €.

No que respecta aos clubs de

remo as achegas ascenden aos 145.000 €, oscilarán entre os 4.438 € e os 17.964 € e serán distribuídas entre 16 clubs de 10 concellos.

Finalmente 75.000 € irán dirixidos a 11 clubs de vela de sete concellos da provincia, con axudas que van dende os 694 € aos 18.937 €.

A figura de Xela Arias chega ao Castelo de Soutomaior



A Deputación de Pontevedra continúa a por en valor a figura e a obra de Xela Arias, homenaxeada das Letras Galegas neste 2021, e leva o martes 6 de xullo unha vangardista proposta ao Castelo de Soutomaior, a performance creada por Fernando Abreu titulada “Vencerse é cousa de se tratar”, na que a palabra e a música mestúranse coa imaxe baixo a dirección escénica de Avelino González.

En “Vencerse é cousa de se

tratar” o público asiste a un recital poético da propia Xela Arias, quen antes de falecer gravou a súa voz declamando algunhas das súas pezas, e Mónica de Nut quen está ante o público. Ademais, durante a actuación, a cantante interactúa musicalmente con Fernando Abreu e Pablo Carrera. A peza complétase coa proxección de imaxes de Roi Fernández dende o concepto “cine en directo”, co que leva traballando moitos anos no mundo do teatro.

A Deputación de Pontevedra deu o pistoletazo de saída a dúas das grandes propostas que, no marco da programación Aviventa, vai desenvolver este verán. Os programas “Tras as Ameas” e “Música no Ar” incluírán un total de 23 espectáculos e, como subliñou a presidenta provincial Carmela Silva, levarán as actividades culturais de novo aos castelos de Soutomaior e Sobroso, así como aos espazos pa-

A Deputación de Pontevedra da pistoletazo de saída ás propostas culturais

trimoniais máis singulares dunha decena de concellos. “Somos a administración da provincia que máis aposta pola cultura –subliñou– e que ten máis presenza e unha mirada global, porque apoiamos todas as disciplinas culturais e, de forma particular,

pola presenza das mulleres nas nosas iniciativas”.

“Música no Ar” volverá levar a música clásica contemporánea a espazos patrimoniais relevantes dos concellos da Estrada, Tui, Pontecesures, A Lama, A Cañiza, Cambados, Gondomar, Cangas, Si-

lleda, Mondariz, así como ao Castelo de Soutomaior e neste senso, Carmela Silva quixo poñer de relevo que o Goberno provincial leva as súas propostas aos concellos “goberne quen goberne; iso o coidamos moitísimo en todas as nosas actividades”. Doutra ban-

da, “Tras as Ameas” ofrecerá un programa de actividades multidisciplinares que se desenvolverán nos castelos de Soutomaior e Sobroso. Aínda que este último inmovible está no proceso de musealización, os espectáculos terán lugar nos espazos exteriores.

Está aberta a inscrición para as actividades a través do formulario que as persoas interesadas poderán atopar na páxina web (www.depo.gal).



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Outorgado o rexistro "Pan do Porriño"

A Asociación de Panadeiros presentou ao Concello, o rexistro "Pan do Porriño" outorgado pola Oficina Española de Patentes e Marcas, dependente do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Agradeceron ao Concello o seu apoio a "unha reivindicación que levou moitos anos de traballo e xestións."

David Alonso, concelleiro de Promoción Económica e Turismo, e Cami Moreira, concelleira de Cultura e Festas, recibiron un exemplar do título acreditativo da marca "Pan do Porriño" que



lucirá a partir de hoxe nas oito panaderías que promoveron esta marca e adheríronse ao selo.

Os concelleiros comprometéronse coa Asociación a manter

reunións nos vindeiros días para reanudar neste ano a celebración da Festa do Pan e lanzar outras iniciativas de promoción e coñecemento do "Pan do Porriño".

Reaberto o albergue de peregrinos

O Albergue do Porriño, pertencente á rede pública da Xunta de Galicia, reabriu cunha notable afluencia de peregrinos, e coa estrea do punto de información turística promovido polo Concello do Porriño.

O Concello dotou ao albergue dunha axente turística, Belén

Freire que se encarga de atender e informar aos peregrinos e visitantes sobre monumentos, paisaxes, oferta gastronómica e de tempo libre no Porriño.

Esta técnica atenderá a diario, de luns a venres, en horario de 9 da mañá a 3 da tarde, segundo informou o concelleiro de Turismo, David Alonso.



0 Festival de Cans acolle o Concurso "Pintar o Cine"

O concurso "pintar o cine" de pintura rápida, patrocinado por GALPI (Galicia de Pinturas), terá lugar no entorno da praza do Concello do Porriño, o xoves 2 de setembro.

Os e as participantes pintarán unha obra in situ para desfrute do público, que poderá observar como desenvolven as súas creacións desde o comezo ata a finalización das mesmas. A temática do concurso será "Pintar o cine", en virtude da cal os creadores e

as creadoras terán que elaborar unha obra que conteña unha escena dunha película coñecida e que inclúa a silueta do can de Cans.

Os candidatos e candidatas poderán inscribirse enviando un correo electrónico a pinturarapida@festivaldecans.com con data límite, domingo 15 de agosto. As 10 propostas finalistas



serán elixidas por unha comisión de persoas da organización do festival.

A alcaldesa solicita unha rúa para Antonio Palacios en Madrid



Eva García de la Torre xunto á Ministra de Traballo, Yolanda Díaz.

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre solicitou que Madrid "honre debidamente ao noso arquitecto Antonio Palacios, que deixou unha obra tan destacada nesta capital, coa concesión do nome dunha rúa sobranceira da cidade".

A alcaldesa falou este serán ante un auditorio ateigado de público no Círculo de Belas Artes de Madrid. Entre os espectadores ocupou un lugar salientable na primeira fila de cadeiras, Yolanda

Díaz, vicepresidenta terceira do Goberno Central e deputada de Galicia en Común-Unidas Podemos por Pontevedra.

Na súa intervención, Eva García reivindicou a "enorme transcendencia de Antonio Palacios como urbanista cunha pegada innegable en Vigo e no Porriño e tamén en Madrid onde deixou un legado impresionante do que unha mostra é este edificio do Círculo de Belas Artes onde nos atopamos".

A oposición derrota unha proposta do goberno

Os votos conxuntos do PP e de Manuel Carrera obrigaron a deixar enriba da mesa a tramitación do Plan Estratéxico de Obras de Mantenemento en Vías Municipais e Saneamento levado adiante por esta concellería.

Na Comisión Municipal de Economía, os tres votos favorables para a tramitación deste plan (2 PSOE e 1 BNG) foron derrotados por 5 votos en contra.

O devandito Plan, cun in-

vestimento previsto de 730.000 €, está baseado nunha moción que presentara o PP no pleno de abril, aprobada por unanimidade. Unha primeira proposta de plan plurianual da Concelleira, levada ao pleno de maio, quedou pendente para matizar cos voceiros que foron chamados a consultas. Tan só as concelleiras de EU SON non acudiron á convocatoria de reunións previas realizada pola concelleira Moure.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

Rematan as obras de reforma na Praza de Abastos de Salceda de Caselas

Remataron as obras de reforma da Praza de Abastos para instalación de cuartos de aseo accesibles, espazo de uso común e reposición da cuberta.

O proxecto conta con un orzamento de 75.625 € dos cales 50.000 € están subvencionados pola Xunta de Galicia a través do AGADER, e 25.625 € pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2021.

O proxecto inclúe a instalación de dous aseos accesibles, que darán servizo a todo o edificio, xa que os existentes estaban vinculados a un dos locais existentes. Para iso abriuse un novo espazo de uso común, cun distribuidor que da acceso aos novos servizos,



para o cal se derribou unha pequena parte do edificio que estaba en desuso.

Ademais fíxose unha mellora da sinalización dos postos existentes, mediante uns paneis, in-

cluindo a sinalización de incendios e a indicación de aseos.

A actuación contemplou ademais a impermeabilización da cuberta sobre as zonas das cámaras mellorando tamén este espazo.

Salceda aposta pola II edición do “Programa de Promoción da Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero”



Atenente de alcaldesa e concelleira de igualdade de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira presentou a segunda edición do “Programa de Promoción da Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero” que se desenvolverá durante os meses de xullo, agosto e setembro.

Na pasada edición participaron un total de 43 mulleres, tanto nos talleres como usuarias no Servizo Municipal de Asesoramento e Información Xurídica, Psicolóxica e Laboral.

Nesta segunda edición, os talleres reforzarán a inserción laboral, a aprendizaxe de es-

tratexias no acceso ao emprego e o autoemprego así como as habilidades de comunicación para afrontar os procesos de selección.

O Servizo Municipal de Asesoramento e Información Xurídica, Psicolóxica e Laboral seguirá sendo a demanda. Non obstante, cada martes de 9:30 a 14:30 na segunda planta do Concello estará todo o persoal para prestar atención e información.

Loli Castiñeira animou a todas as mulleres de Salceda a participar activamente nas actividades e a acudir aos servizos de asesoramento, que serán completamente gratuítos.

Salceda concederá axudas de 500 euros ao comercio e hostalería

A cantidade para atender estas subvencións ascende a 26.714,95 euros da achega da Deputación

Na sesión plenaria aprobáronse as axudas directas ás persoas autónomas e pequenas empresas. Tómasse esta iniciativa para axudar a paliar a situación que atravesan debido a crise sanitaria.

A alcaldesa e responsable da área de comercio, explicou que estas subvencións están dirixidas a persoas autónomas, establecementos de hostalería, comercio e

pequenas empresas de ata 10 persoas empregadas que teñan a súa actividade en Salceda.

O importe destas axudas directas será dun único pago de 500 euros e poderán compatibilizarse con subvencións de outras administracións. O prazo para as solicitudes comezará unha vez publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia.

Para a concesión destas axudas, explica a alcaldesa Verónica Tourón “o goberno local optou por un procedemento de tramitación áxil,

co fin de que cheguen canto antes as axudas ás persoas e establecementos destinatarios”

Esta medida forma parte dun paquete de iniciativas que o goberno local ten establecidas para estes sectores, que se complementan con fondos propios destinados á programación de actividades dirixidas á promoción e fomento do comercio. Ademais estableceuse a exención da taxa de terrazas para os exercicios 2020 e 2021 e outras medidas económicas.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario G-36-000020

PONTEAREAS
Rúa Senén Camiño, 4

CONFITERIA Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Salceda de Caselas

verán cultural xullo 2021 festas do cristo

12 LUNS

22.30 - Cinema na Rúa - Cuñados
Praza do Concello



14 MÉRCORES

21.30 - Desconcerto - Culturactiva
Teatro Cómico Infantil - Praza do Concello

16 VENRES

16.00 - Día da Infancia, Inchables de auga,
Pista Americana, Xogos - Parque da Gándara



18 DOMINGO

11.45 - X Acto Cívico Salcedenses
Distinguidas/os
12.45 - Misa solemne na Praza do Concello
21:00 - Pasarrúas Charanga Nova Jomada
22.30 - Concerto de BROKEN PEACH
Praza do Concello



MÁIS ACTIVIDADES

Exposición de fotografía "Auga, o sangue da terra" de Manuel Valcárcel. AFundación.
Casa da Cultura ata o 30 de xullo

LIBRIÉRTETE. Espazo de lectura.
Organiza: SAPIX Salceda

Aula aberta de Pilates ao aire libre.
Organiza: Asoc. Mulleres Rurais

13 MARTES

21.30 - A Casiña de Cartón - Animar-t
Teatro Infantil - Praza do Concello

15 XOVES

21.30 - Abracadaver - As Sircópatas
Circo Clown - Praza do Concello

17 SÁBADO

20.00 - Desfile da Agrupación Gaiteira
de Salceda polas rúas da Esfarrapada
22.00 - XII Estourazo. Casa da Cultura
22.30 - Concerto de GUADI GALEGO
Praza do Concello - Musigal 21



19 LUNS

22.30 - Concerto "Cancións de Sempre"
con Antonio Barros. Banda Cultural
de Salceda - CEP Altamira



Para as actividades sinaladas é preciso retirar convite na Casa da Cultura ou o día da actuación unha hora antes.
Todas as actividades contan con aforo limitado e será obrigatorio o uso de máscara.

LOURIÑA/VAL MIÑOR

Nigrán presume da súa nova e vangardista Biblioteca municipal

Nigrán conta xa cunha espectacular biblioteca que constitúe “un dos grandes exemplos da transformación da provincia” como asegurou a presidenta provincial, Carmela Silva, durante a visita que realizou ás novas instalacións xunto co alcalde, Juan González, o deputado Santos Héctor, e concelleiras e concelleiros do goberno local.

A nova biblioteca, na que se investiron 1,8 millóns de euros (o 80% pola Deputación a través do Plan de Reequilibrio e o restante 20% polo Concello) ten 1.260 metros cadrados e con-



fórmase nun edificio vangardista e bioclimático deseñado con criterios de sustentabilidade.

Silva aproveitou a visita para

anunciar tamén que a Deputación está a piques de finalizar o proxecto da senda de Chandebrito.

Mos celebrou mesa sectorial de comercio

No marco dos Programas Integrados de Emprego de Galicia, o Concello de Mos celebrou o pasado 30 de xuño a Mesa Sectorial de Comercio como ferramenta que permitiu coñecer os procesos de selección laboral das empresas colaboradoras.

Este evento contou coa participación de Francisco Domínguez, xerente de AEMOS; Nazario Correa, director de RODAVIGO; Tania Herbojo, técnica de dirección de VEGALSA; e Isabel Rodríguez, HR Business Partner de Leroy Merlin.

18 de julho 2021
I Jornadas antifascistas
Na escola de Valinho, Vilasobrosa **do Condado**

- 17h
Projeção de escolma audiovisual antifascista
- 18:30h
Palestra-debate com Iñaki Gil de San Vicente
(intelectual republicano)

Abordaremos questões como:
Que é o fascismo?
A que respondeu a sua aparição?
Desapareceu o fascismo?
É VOX fascista?
Estas e as vossas dúbidas serán abordadas nas jornadas.

- 20h
Música, petiscos e bebida
Haverá espaço infantil aberto toda a jornada

Organiza:

condadoantifascista@gmail.com

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

O remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com



25 de xullo de 2021, **DÍA DE GALICIA**
un día para celebrar todo o que somos o resto dos días.

Unha festa para enmarcar

BAIXO MIÑO

TUI

Tui recibirá máis de 300 mil euros para converter o cárcere vello nun centro de acollida de peregrinos e visitantes

Será financiado polo do Plan Nacional Turístico Xacobeo 2021-22

O Plan Nacional Turístico Xacobeo ten por obxectivo impulsar os Camiños de Santiago. Foi presentado hai uns días pola ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto.

O obxectivo é crear no Cárcere Vello un novo espazo cultural de referencia para a cidade no que dinamizar as visitas ao Conxunto Histórico-Artístico de Tui. O proxecto contempla o acondicionamento do local e montaxe do Centro Cárcere Vello para a acollida aos visitantes do conxunto histórico de Tui e aos peregrinos do Camiño de Santiago.

Estas instalacións acollerán un proxecto museográfico que porá



en valor o patrimonio e legado histórico de Tui. Os espazos expositivos contarán coa tecnoloxía máis punteira. Haberá holografías e paneis interactivos que percorreren as orixes prehistóricas de Tui, a vía romana que a atravesaba, as invasións normandas e musulmáns, o mercado medieval e os personaxes da nobreza que pro-

texían a cidade, a relación milenaria con Portugal, a fenomenal comunidade xudía e a simboloxía secreta que utilizaban.

O Centro Cárcere Vello de Tui será tamén un lugar de acollida de peregrinos que disporán dunha consigna onde poderán gardar os seus vultos e visitar tranquilamente o centro da cidade.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, recibe na Casa do Concello o novo comandante naval do Miño



O pasado 24 de xuño tivo lugar na Comandancia Naval do Miño o acto de Entrega de Mando ao capitán de corbeta Pablo Redondo. Estivo presente no acto o almirante de Acción Marítima, Juan Luis Sobrino e o capitán saliente, Juan Díaz, xunto a subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba.

A subdelegada destacou de Díaz Rodríguez o seu compromiso e labor á fronte da Comandancia Naval do Miño. Lembrou tamén o

Tratado de Límites, que ano a ano rubrica cada país e que hoxe é un acto de irmandade entre ambos pobos.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, recibiu tamén na casa do concello ao novo comandante naval do Miño, Pablo Redondo, ao almirante de Acción Marítima, Juan Luis Sobrino, e ao capitán saliente, Juan Díaz, a quen lle trasladou o seu agradecemento e o de toda a cidade pola súa labor ao fronte da Comandancia Naval do Miño.

Tui xa ten a súa propia Guía Turística da Rede de Xuderías

O 1 de xullo presentáronse no Parador Hostal Reis Católicos en Santiago de Compostela, as Guías Turísticas das Xuderías de Tui, Monforte de Lemos e Ribadavia, as tres cidades que forman parte en Galicia da Red de Xuderías de España.

No acto participaron o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé, e a alcaldesa de Ribadavia, Noelia Rodríguez. Tamén asistiron a xerente da Red de Xuderías, Marta Puig, xunto á autora das guías, Alejandra Abulafia e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro.

As tres novas guías veñen a ampliar a colección de máis de 20 publicacións que xa ten editadas Camino de Sefarad, conformado un amplo catálogo que permite dar a coñecer as xuderías existentes en España e o seu altísimo valor patrimonial e cultural. As publicacións nacen co obxectivo de por en valor este



patrimonio, dos seus conxuntos medievais e, sobre todo, da herdanza das Comunidades xudías que os habitaron.

No enderezo electrónico da Red de Xuderías (<https://redjuderias.org/>) atópanse as 22 guías dispoñibles sobre cada unha das Rutas polas Xuderías de España que se poden consultar gratuitamente en liña ou adquirilas na súa versión en papel.

A Guía Turística de Tui comeza sinalando “Con acento galego e fornos que ofrecen pans recién feitos, Tui enmárcase nunha paisaxe privilexiada. Bloques de pe-

dras impoñen o estilo das casas entre as cales se coan anacos da súa bela campiña. Nun recuncho da súa catedral unha pequena Menorá parece dicirnos: non nos esquezan, aquí vivimos”.

Trátase dunha recompilación da historia xudía de Tui centrada na súa cronoloxía, personaxes ilustres e que conta tamén con mapas e información sobre os lugares de interese xudeu e de interese xeral para o visitante. Tamén conta cunha sección específica de paisaxes onde o río Miño cobra gran protagonismo, ou outra de Gastronomía Sefardí.

“Espazo do Eu” de Cora Novoa chega a Sala de Exposicións de Tui



A Sala Municipal de Exposicións do Concello de Tui acolle, ata o vindeiro 10 de xullo, a mostra “Espazo do Eu”, realizada pola moza tudense Cora Novoa. Trátase do seu traballo de fin de grado realizado na Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo.

A propia Cora Novoa afonda na significación desta exposición coas seguintes palabras: para poder partir, en ocasións, precisamos establecer un suposto, catalogar ou fraccionar, como forma de achegamento. Este proxecto xorde da necesidade de entender, explorar e achegarme ao concepto

do “Eu” dende o único “eu” que pode experimentar. O eu configura o espazo que habito. Un Eu múltiple, consciente, cambiante, fluído, fragmentado.

Para a concelleira de ensino e cultura, Sonsoles Vicente Solla, que visitou esta mañá a mostra acompañada pola autora, esta exposición “ten a vontade de apoiar á creación realizada polos novos valores nas artes que existen no noso municipio, posibilitando o achegamento do público a estas novas expresións artísticas e colaborando na divulgación destas novidosas expresións plásticas”.

Rota fluvial do Rio Minho Internacional lançada este verão

No âmbito do projeto “Rio Minho – Um Destino Navegável”, a rota fluvial do Rio Minho Internacional será lançada este verão, permitindo ao público usufruir deste percurso natural e patrimonial entre as Eurocidades Valença-Tui e Monção-Salvaterra de Miño.

Os municípios vão lançar um concurso internacional para alugar uma embarcação fluvial com capacidade para 20 lugares, assim como outros meios de transporte terrestres, visando a realização de rotas turísticas entre os quatro municípios ribeirinhos.

Esta ação, apoiada pelo Programa



Os alcaldes e vereadores durante a travesía polo río Minho.

de Cooperação Transfronteiriça Espanha – Portugal (POCTEP), INTERREG V-A 2010-2020, tem como objetivo fortalecer o turismo local

e valorizar o setor da economia, visando a promoção dos principais recursos e atrativos turísticos desta região transfronteiriça.

No sentido de verificar a viabilidade futura desta rota fluvial, que contribuirá para o reforço da oferta turística na região, os responsáveis dos quatro municípios banhados pelo rio Minho, acompanhados por elementos da Capitania de Tui, realizaram aquele percurso fluvial internacional.

Na “subida” do rio, participaram o Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, a Vereadora, Yolanda Rodriguez, a Alcaldesa de Salvaterra de Minho, Marta Valcárcel, o Vereador de Turismo de Monção, João Oliveira, e o Vereador de Turismo de Valença, Mário Rui.

O percurso permitiu, também,

confirmar as condições de navegabilidade do rio Minho, simulando as condições reais da futura rota. Nesse sentido, foi utilizada a APP Calados Salvaterra (Google Store), a qual possibilita, em tempo real, conhecer o caudal do rio e traçar a rota ideal.

Com a implementação do projeto “Rio Minho: Um Destino Navegável”, o posicionamento da região transfronteiriça sairá reforçado, assegurando uma maior centralidade turística, fortalecendo a capacidade de atração e visitação e rentabilizando os setores económicos ligados à hotelaria e restauração.

Estande remodelando os vestiários do campo de fútbol O Foxo de Caldelas

Estes días estanse a executar as obras de remodelación dos vestiários do campo de fútbol O Foxo de Caldelas.

Os traballos consisten tanto na remodelación completa dos vestiários existentes coma na creación dun segundo vestiário tras reconverter a caseta que acollía a oficina e o almacén.

Deste xeito o Campo de Fútbol

O Foxo, de herba sintética, empregado por distintos equipos de fútbol base tanto masculinos coma femininos pasa a contar con dous vestiários co que se satisface as necesidades existentes ante a celebración de partidos de fútbol de xeito continuado.

Adxudicadas á empresa Zona de Obra por un importe de 77.430,49€, e financiada con



cargo as baixas do Plan Concellos de 2019, está previsto que as obras rematen a finais de xullo.

A Policía Local de Tui detecta vehículos sen seguro ou sen a ITV

A Policía Local de Tui coordinou, entre os meses de xaneiro e xuño, controis policiais de Seguridade Cidadá e Tráfico.

En termos absolutos nas máis de 200 sancións impostas, comprobáronse os datos de centenas de vehículos nos controis efectuados polos axentes locais este ano, dos cales se propuxeron para sanción 134 vehículos por circular

coa ITV caducada, desfavorable ou negativa, 47 propostas para sanción por carecer de Seguro Obrigatorio de Automóviles (SOA), 17 denuncias por conducir con presenza de drogas no organismo e 5 denuncias por alcoholemias positivas, alcanzando algunhas destas últimas un resultado superior a 0,60 mg/ l de aire expirado, constituíndo un delito contra a seguridade viaria.

PRECIOS BAJOS

TODO EL AÑO

San Roque, 18, A Guarda
Tel.: 986 611 343
Mail: info@banodepot.es
www.banodepot.es

BAIXO MIÑO

A Xunta rexeita executar o acceso sur ao porto da Guarda

A deputada socialista Leticia Gallego censura que a Xunta rexeite executar o acceso sur ao porto da Guarda cando “é unha infraestrutura fundamental para o futuro” da vila. Fíxoo logo de que a Dirección Xeral se posicionase ao respecto ante unha pregunta do Grupo Socialista na Comisión de Infraestruturas do Parlamento.

“Que non se realice este proxecto a quen prexudica é principalmente aos mariñeiros, as redeiras e a veciñanza da Guarda”, sentenciou a socialista, quen cualificou de “agravio” con respecto a outros concellos nos que si se están facendo novas infraestruturas. “Pedimos igualdade e equidade para todos os concellos de Galicia, independentemente da cor política do seu alcalde ou alcaldesa”.

Así, “con esta nula política en investimento en obra pública nor-



mal que non se realicen as centos de infraestruturas pendentes nos concellos galegos”, lamentou a dirixente socialista, quen sinalou que “esta é gran política que fai o goberno de Feijóo en Galicia” cando “non lle importa a nosa terra nada”, xa que “só se inviste nos concellos do PP”.

Por iso, reclamou a realización de proxectos de infraestruturas

“para todos os concellos”, logo de coñecer que a Axencia Galega de Infraestruturas investiu 8,4 millóns de euros en concellos do Partido Popular, fronte a 280 mil euros dedicados a concellos dirixidos por rexedores ou rexedoras do PSdeG. “Isto é unha discriminación que afecta a moitísimos concellos da nosa terra e é unha vergoña”, censurou.

PSOE Tomiño denuncia o incumprimento do goberno local do Acordo de Investidura



O 31 de maio celebrouse en Tomiño un Pleno Ordinario, logo de máis de dous meses do anterior, incumprindo así, unha vez máis, o acordo do Pleno de Investidura. Levouse ao Pleno, por parte do goberno tomiñense unha modificación de crédito por valor de case 1.000.000€.

O PSOE Tomiño denunciou así mesmo a falla de cumprimento da moción aprobada por unanimidade en novembro de 2020 sobre a gravación e transparencia das sesións plenarias

do Concello de Tomiño. Consideraron igualmente que non desbotan acudir á Valedora do Pobo.

As socialistas reprocharon, unha vez máis, a falla de investimento no comercio local e a hostelería. Denunciaron igualmente o “malgasto de 30.000€ nunha Market Place que nunca funcionará”. Tamén criticaron a escasa achega do goberno local en turismo, cultura, conciliación, igualdade, normalización lingüística e servizos sociais, entre outros.

A Guarda convoca os Premios de Educación 2020-21

O Concello da Guarda ven de publicar as Bases de participación nos Premios de Educación 2020-21, dirixido ao alumnado que curse estudos nos centros públicos e

concertados de primaria ou secundaria da localidade de A Guarda durante o curso 2020-2021, establecéndose un máximo de 28 premios consistentes en material informático.

Son requisitos ter obtido unha nota media mínima de 8, salvo naqueles casos nos que se propoña ao alumnado o recoñecemento polo seu traballo, esforzo e participación.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

inmobiliaria
laguardia

ALQUILER DE NAVES Y LOCALES COMERCIALES

Ctra. San Roque nº 18
36780 - A Guarda - Pontevedra

616 997 816 * 986 611 452

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Guarda felicítase do reforzo do Centro de Saúde



Da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Guarda avaliamos de xeito positivo o reforzo do Centro de Saúde con 3 novos facultativos, co que pasaremos a ter 6 dos 8 que nos corresponden. Levamos moito tempo denunciando a situación inadmisíbel do centro coa falta de cobertura de ausencias prolongadas, chegando a darse a situación de só termos 3 médicos de xornada ordinaria. As consecuencias coñecemos, en forma de deterioro na calidade asistencial, de desatención de milleiros de persoas, sobrecarga do persoal do centro e aumento na demora para conseguir unha cita.

Ao longo deste tempo, a poboación e os veciños da Guarda acompañaron e participaron das nosas mobilizacións, secundadas

tamén polo propio persoal do centro. Entendemos que, sen esta acción colectiva, sen esta implicación da sociedade guardesa, non estaríamos hoxe falando desta noticia. A presión, a organización e a mobilización popular non son só efectivas, senón que son a única vía para facer valer os nosos dereitos.

Non queremos tampouco confiarnos nin dar por finalizada a nosa tarefa. As nosas reivindicacións son claras: cobertura plena das ausencias do centro até completar os 8 médicos de Atención Primaria, ambulancia medicalizada na zona e duplo equipo no PAC.

Lembremos que o PAC atende a poboación tamén de Oia e o Rosal. En Oia actualmente non hai médicos e no Rosal falta 1 dos 3.

A GUARDA DIVERSA

VENRES 9 | MESA REDONDA
"VER E NON SÓ MIRAR. A VISIBILIDADE LBT"
 POR MARÍA TORRE E ELISABETH PÉREZ.
 MODERADA POR SARA URIS.
 DE 19:00H A 21:00H
 NA PRAZA DO RELÓ

VENRES 9 | OBRADOIRO INFANTIL
PIRATRANS CARABARCO
 (DE 4 A 8 ANOS)
 POR ROBERTA MATTIA
 DE 19:00H A 20:30H
 NA CASA DOS ALONSO

SÁBADO 10 | MESA REDONDA
"FAMILIAS TRANSORGULLOSAS"
 POR SOLEDAD FERNÁNDEZ, PILAR FONTE E ALEJANDRA ALVEDRO
 MODERADA POR SARA URIS
 DE 12:00 A 14:00H
 NA PRAZA DO RELÓ

DOMINGO 11 | POESÍA ELÉCTRICA
POMPA E BOATO CON FERNÁN PERMUY.
 ÁS 12:30H
 NA PRAZA DE AVELINO VICENTE (AS DE COPAS)

★ ★ ★ ★ ★

Inscripcións:
 No Centro de Información á Muller da Guarda de xeito presencial na Praza do Reló 1 (ao lado do Xulgado de Paz), no teléfono 988 814 648 ou no correo electrónico: muller@aguarda.es

PARTICIPA: #AGUARDADIVERSA

Logos: Concello da Guarda, Xunta de Galicia, BAZ, and others.



CONDADO/PARADANTA

Actividades culturais e deportivas do Concello da Cañiza

XULLO 2021

VIII CAMPUS DEPORTIVO CF CAÑIZA

1ª Quincena: do 28 de xuño ao 09 de xullo

2ª Quincena: do 12 de xullo ao 23 de xullo

Horario: de 09 a 14 h

Información e inscrición:

666700671/616540896/606622595

Organiza: CF Cañiza

CAMPAMENTO URBANO CONCELLO DA CAÑIZA

Durante todo o mes de xullo

Dividido en dúas quendas: do 1 ao 15 de xullo e do 16 ao 31 de xullo

Lugar: Pavillón e Piscina municipal de verán.

ENCANTO A CAÑIZA NATURA

Do 09 ao 16 Xullo

Lugar: Cámping da Cañiza

Vacacións Creativas para respirar vida, alegría, convivencia. Sós ou en familia

Descúbrete, Descúbrelo!

608.23.23.10

www.paradanta.com

Ao longo de todo o día tes diferentes “espazos” con actividades nas que máis che apeteza participar. Podes asistir a unha soa actividade, un día ou o que ti prefiras. Para todas as idades.

Actuacións musicais todas as noites.

ACTIVIDADES: Ioga - Meditación - Arteterapia - Tai chi - Camiñar consciente - Equinoformación - Cine-Alimentación e saúde - Danzas do mundo - Oriental - Africana - Teatro - Voces da alma - Arcos e frechas - Horta - Educar en verde - Ca-poeira,...

SÁBADO 10 e DOMINGO 11 **TEATRO**

Obra: 12 UVAS, 2 MULLERES E 1 OLIVA

Compañía: Olivas negras

Lugar: Auditorio da Casa de Cultura

Hora: 22.30 h

MÉRCORES 14 **EXHIBICIÓN TAEKWONDO**

Hora: 21 h

Lugar: Praza Maior

Organiza: Concello da Cañiza

SÁBADO 17 **AEROMODELISMO**

Campionato galego -F3F-

Voo en ladeira de planeadores

Lugar: Parque eólico Montouto-2000

Horario: Inicio 10.30 H-Toda a xornada

Organiza: Club Vuelo a Vela Fontefría

DOMINGO 18 **ANDAINA**

Percorrido aproximado: 12 Km

Anunciarase o punto de saída.

Hora: 09.30

DOMINGO 18 **TEATRO**

Obra: SOGA E CINSA

Compañía:Aporía escénica

Lugar: Auditorio da Casa de Cultura

2 Pases:

1º: Pase: 18.30 h

2º: Pase: 22.30 h

SÁBADO 24 **ruta en bici**

Ruta Nocturna en Bici “Camiño das estrelas” (Obrigatorio casco e petos)

Saída: Concello

Hora: 22.00 H

SÁBADO 31 **MAXIA**

Actuación do ILUSIONISTA KENNETH

Lugar: Praza Maior

Hora: 23.00 h

Gonzalo Caballero reclama á Xunta dende A Cañiza “potenciar” a Galicia interior



O secretario xeral valora a Piña como “un alcalde de primeira” e “comprometido” coa vila e o rexedor agradece “o apoio” do líder do PSdeG nas distintas xestións para a veciñanza da Cañiza

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, visitou A Cañiza xunto ao seu alcalde, Luís G. Piña, para coñecer de primeira man as necesidades do municipio.

Dende alí, o máximo dirixente do PSdeG reclamou a Xunta que traballe para “potenciar” a Galicia interior, xa que “necesita desenvolvemento, modernización e posibilidades de futuro”. “Alí onde estamos os socialistas, pedimos todo o impulso e a forza para aumentar en poboación, xerar emprego e dar posibilidades de vida e de futuro á xente”,

reivindicou.

Ao fio disto, Gonzalo Caballero chamou á Xunta a “cooperar cos concellos” e a traballar na xeración de postos de traballo e na loita contra o reto demográfico no interior de Galicia. “Necesitamos unha Cañiza potente e potenciar a Galicia interior”, subliñou, logo de incidir en que este municipio debe ser “referencia” para a zona sur da provincia de Pontevedra e tamén para a interacción coa provincia de Ourense.

Gonzalo Caballero destacou o traballo do equipo de goberno, dirixido por Luís G. Piña, “un alcalde de primeira” e “comprometido cos seus veciños e veciñas” que fixo unha “magnífica tarefa” durante a crise da covid e, agora, “está a impulsar a reactivación” da vila.





Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61





Museo del Pan Gallego

EMPANADA -TARTAS
ROSCONES - VICAS
PAN DE CENTENO Y MAIZ
fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -
Todo ello fabricado
en horno de leña
por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9
28013 Madrid
Tfno. 91 542 51 60

museodelpangallego@hotmail.com
www.museodelpangallego.com



PROGRAMACIÓN VERÁN CULTURAL

CONCELLO DE COVELO 2021

XUÑO

27.06.2021 Orienta Aventura (Actividade de Orientación en Equipos).

XULLO

03.07.2021 Mostra de Produtos de Covelo.

03.07.2021 Voces de Arrieiro e La Supersonic - Actuación musical na Graña ás 22.00 h.

04.07.2021 Diego Freire en concerto e o grupo musical VOLTA E DALLE ás 22.00 h en Santa Marina.

09.07.2021 Ler Conta Moito - Actividade infantil en Covelo ás 20.30 h.

10.07.2021 Grupo Cacikes - Concerto ás 22.30 h en Covelo.

11.07.2021 Cine de Verán na praza do Mestre Cerviño en Covelo ás 22.00 h.

17.07.2021 Grupo de baile Irlandés de A.C. Traspés en Paraños ás 22.00 h.

18.07.2021 Ler Conta Moito - Actividade infantil en Covelo ás 20.30 h.

23.07.2021 Manoele de Felisa en Concerto ás 22.30 h. na praza do Mestre Cerviño en Covelo.

24.07.2021 Concertos na praza Mestre Cerviño en Covelo, festas patronais concello de Covelo 2021.

25.07.2021 Misa na honra do patrón Santiago Apóstolo ás 12.00 h. acompañados polo grupo de gaiteros O Carballo da Armada.

Festa do Churrasco "Na Hostalaría de Covelo"

Broken Peach en concerto ás 22.30 h na praza do Mestre Cerviño en Covelo.

26.07.2021 Ler Conta Moito - Actividade infantil en Covelo ás 20.30 h.

26.07.2021 Grupo Llorente & Tribu en Concerto ás 22.30 h praza do Mestre Cerviño en Covelo.

31.07.2021 Concurso de Fotos e Debuxos na praza do Mestre Cerviño en Covelo ás 20.00 h.

31.07.2021 Toñito de Poi en Concerto na praza de Barcia de Mera ás 22.30 h.

31.07.2021 Xoan Curiel en Concerto en Godons ás 22.30 h.

AGOSTO

01.08.2021 Conta Contos, actividade infantil na praza de Barcia de Mera ás 21.00 h.

06.08.2021 Ler Conta Moito - Actividade infantil en Covelo ás 20.30 h.

07.08.2021 Mostra de Produtos de Covelo.

07.08.2021 Diego Freire e Cherry Sweet en Concerto na praza do Mestre Cerviño en Covelo ás 22.00 h.

14.08.2021 Conta Contos, actividade infantil na praza de Maceira ás 20.00 h.

14.08.2021 Festival de Danza na praza de Maceira ás 22.30 h.

14.08.2021 Grupo de Gaiteros O Carballo da Armada ás 21.30 h. na Parroquia de Sta. Maria de Campo.

21.08.2021 Cine de Verán na praza do Mestre Cerviño en Covelo ás 22.00 h.

22.08.2021 Voces de Arrieiro - Actuación musical en Castelans ás 22.00 h.

28.08.2021 Actuación musical en Prado ás 22.00 h.

SETEMBRO

04.09.2021 Mostra de Produtos de Covelo.

04.09.2021 Grupo Volta e Dalle - Actuación musical en Piñeiro ás 22.00 h.

11.09.2021 Actuación musical na Lamosa ás 22.00 h.

OUTUBRO

01.10.2021 Concerto Coral Xuntanza de Covelo día Internacional das Persoas Maiores ás 20.00 h. na praza dos Trobeiros en Covelo.

02.10.2021 Mostra de Produtos de Covelo.

02.10.2021 Voces de Arrieiro - Actuación musical en Prado da Canda ás 22.00 h.

02.10.2021 Grupo de Gaiteros O Carballo da Armada ás 21.30 h. na Parroquia de Fofe.



VERÁN CULTURAL 2021 en ARBO

CAMPAMENTO DE VERÁN dende o 1 de xullo ó 31 de agosto – destinada a nenos de 3 a 13 anos.

XULLO

17 de xullo (Sábado): Ás 22.30h CINE NA RÚA coa proxección da película "Padre no hay más que uno" na Praza do Concello

24 de xullo (Sábado): **Festival Folclórico Internacional**, organizado pola A.C. Barca de Loimil, coa colaboración do Concello, na Praza do Concello

31 de xullo (Sábado): Ás 21.00h celebración da gala "**VODAS DE OURO**" das parellas de Arbo que cumpren 50 anos de casados, coa actuación de "Antonio Barros e iAlma" na Praza do Concello

AGOSTO

1 de agosto (Domingo): Ás 22.30h CINE NA RÚA coa proxección da película "Los Japón" na Praza do Concello

6 de agosto (Venres): "**GALA DA LAMPREA**" Ás 20.30h, na praza Consistorio. Nomeamento de "Arbense Distinguido", entrega de premios dos diferentes concursos e entrega de Placa conmemorativa á Coral Polifónica de Arbo polo seu 25 aniversario, amenizado coa actuación do violonista Antonio Seijo e o seu grupo "Skylight", nun tributo instrumental ao pop máis coñecido.

7 e 8 XXVI FESTA DA LAMPREA SECA

7 de agosto (Sábado)

12.00h: Pasarrúas a cargo da Charanga "Sorcha"
19.00h: Pasarrúas a cargo da Charanga "A.C. Barca de Loimil" e da Charanga "A.C A Vella Barca"
22.00h: Concerto de "**Luar na Lubre**", na Praza do Concello

8 de agosto (Domingo)

12.00h: Pasarrúas a cargo da Charanga "Nordés"
13.30h: Concerto da "Banda de Xínzo", na Praza do Concello
19.00h: Pasarrúas e animación infantil da "Superpandi"
20.00h: Espectáculo circense "Iska Letriská", na Praza do Concello

14 de agosto (Sábado): Ás 22.30h CINE NA RÚA coa película "Cuñados" na Praza do Concello

15 de agosto (Domingo): Ás 20.00h: Actuación do "Mago Alberto", na Praza do Concello

16 de agosto (Luns): **SAN ROQUE**

11.00h: Pasarrúas da Charanga "Atrancalevadas"
12.00h: Misa Solemne na Igrexa Parroquial de Sta. María de Arbo cantada polo "Trío de Cámara Dolce"

SETEMBRO

11 de setembro (Sábado): Ás 21.00h Espectáculo Teatro Clown de "Odaiko", na Praza do Concello

VALCARCE

supermercado 24 horas

AdBlue

LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291